

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DO CSHG.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

REUNIDOS

Por unha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Por outra parte, D. Pablo Suárez Aspra, actuando en calidade de Presidente da **Asociación de Antigos Alumnos do CSHG**, segundo acta de reunión da Asamblea Xeral da asociación, celebrada o 16 de novembro de 2019.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

I.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro do seu obxecto social ten encomendada as funcións de formación e reciclaxe de profesionais para o sector turístico de Galicia, actividade que exerce a través do Centro Superior de Hostalería de Galicia (en diante CSHG), Área da Dirección de Profesionalización da Axencia.

II.- Que a Asociación de Antigos Alumnos do CSHG (en adiante CSHG Alumni), creada en novembro de 1997 é unha iniciativa dos alumnos para crear unha estreita vinculación entre os alumnos e ex-alumnos do CSHG, os asociados e o Sector Hostaleiro.

III.- Que se pretende manter un vínculo entre o CSHG e os seus antigos alumnos, a través do CSHG Alumni, máis aló do período no que cursan os seus estudos para, dunha banda, ofrecer un valor engadido á formación que o CSHG proporciona e, de outra, conseguir unha potente ferramenta de marketing, xa que os ex-alumnos actúan como "embaixadores" do CSHG alá onde desenvolven a súa actividade profesional.

IV.- Polo exposto, a Axencia Turismo de Galicia está interesada en apoiar ao CSHG Alumni para promover e potenciar accións tendentes a dotar de instrumentos de inserción laboral e reciclaxe aos ex-alumnos do CSHG, promocionando o CSHG Alumni entre empresas co fin de afianzar as súas actuais relacións e ampliar o seus contactos mediante a difusión dos seus servizos, dando unha visión da actualidade formativa do sector que a achegue ás súas necesidades, así como fomentar o networking mediante actividades como workshop, encontros asociados e aniversarios de promocións.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

Así mesmo, non é posible a concorrencia pública pola propia natureza das actuacións obxecto deste convenio, que só se poden realizar polo CSHG Alumni, como a única asociación de antigos alumnos do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CSHG Alumni para levar a cabo as accións que se detallan a continuación:

- Accións comerciais + FITUR
- Observatorio Formación Turística en España

- Workshop
- Mantemento web
- Encontros asociados
- Aniversario promocións

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende á cantidade de 10.377,25 € que se distribúen do seguinte xeito:

Accións comerciais + FITUR	1.220,80 €
Observatorio Formación Turística en España	2.004,95 €
Workshop	3.573,27 €
Mantemento web	2.541,59 €
Encontros Asociados e Aniversario Promocións	1.036,64 €
TOTAL	10.377,25 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de dez mil euros (10.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.481.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020.

Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do CSHG Alumni a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do CSHG Alumni, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2020**.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Así mesmo, o IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación, extremo que se acreditará pola Asociación CSHG Alumni.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O **CSHG Alumni**, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións obxecto do presente convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, así como o logo do Xacobeo 2021 en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade

Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do presente convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE.

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DE FONDOS E PAGAMENTO

A modalidade de xustificación será a de **conta xustificativa**, segundo se establece no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e conterà:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e na documentación acreditativa do pago.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do seu importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba

solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

O CSHG Alumni ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.
- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Indicación dun número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e da marca do Xacobeo 2021.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **31 de outubro de 2020**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda

deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención coa minoración proporcional ao importe realmente xustificado.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de ata un 80 % da subvención, de conformidade co artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas, e ata a porcentaxe establecida nesta cláusula. Para proceder ao seu pagamento, o CSHG Alumni deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

A Asociación CSHG Alumni está exenta da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 i) do Decreto 11/2009.

NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación CSHG Alumni deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado pola Asociación CSHG Alumni e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO QUINTA.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación

electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SÉTIMA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo CSHG Alumni

Román Rodríguez González

Pablo Suárez Aspra